



PREVISIONS DE FUTURO:
LIÑAS PRIORITARIAS
DE ACTUACIÓN
PARA O CURSO 2026/2027



BIBLIOTECA
CRA RAIÑA
ARAGONTA



BIBLIOTECAS
ESCOLARES
DE GALICIA



PLAMBE



RADIO
NA BIBLIO



LECTURA
E FAMILIAS



CURSO 2025/2026



CRA Raíña Aragonta



PLURINFANTIL
Centro Plurilingüe acreditado en Educación Infantil



LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR PARA O CURSO 2026/27

1. En relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como “laboratorio creativo de aprendizaxes”.

Antes de comezar a expoñer as liñas prioritarias do vindeiro curso cómpre explicar algunhas das características que ten o noso centro e que nos condicionan á hora de poder acadar ou non algúns dos obxectivos que se propoñen dende PLAMBE.

O CRA Raíña Aragonta é un centro rural agrupado onde só se imparte o segundo ciclo de Educación Infantil (3-6 anos), que conta con 15 aulas, nove no mesmo edificio que a biblioteca escolar, e outras seis aulas situadas nas distintas parroquias do concello.

- Dada esta especial situación, o noso obxectivo principal é proporcionar igualdade de oportunidades para que todo o alumnado poida ter acceso aos recursos que se ofrecen dende a biblioteca escolar, motivo polo cal continuaremos achegando os diferentes materiais, recursos e fondos bibliográficos ás aulas das parroquias a través de baús e caixas que se rotarán mensualmente ao longo do curso.

- Tamén manteremos a elaboración de caixas con fondos bibliográficos que roten mensualmente por tódalas aulas da sede.

- Por outra banda, seguiremos coa adquisición de novos fondos e coa súa catalogación no programa MEIGA.

- Continuaremos coa publicación no blog da biblioteca das novidades que se adquiran dende o centro e coa sección de préstamos de xogos de mesa para as familias.

- Proseguiremos cos programas “**Lectura e familias**” e “**Radio na Biblio**”.

- Seguiremos coas maletas viaxeiras e coas maletas temáticas (emocións, lóxica-matemática, lecto-escritura e culturas do mundo).

- Por último, continuaremos organizando actividades conxuntas coas bibliotecas e outras entidades do noso concello.

2. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

A temática do proxecto de traballo que imos traballar o vindeiro curso é “Culturas do mundo”.

- Este proxecto o traballaremos globalmente, intentando relacionalo con tódalas actividades e conmemoracións do centro, incluíndo a elaboración dun produto final ao remate do curso.

- Promoveremos o emprego dos recursos maker que temos na biblioteca (set de croma, scornabots, tabletas...)

- A web da biblioteca seguirá sendo un recurso imprescindible para achegar a biblioteca ás familias e ao resto da comunidade educativa, dado que é a nosa principal canle de difusión e promoción.

- Estableceremos reunións mensuais para facer o reparto de tarefas e para avaliar o progreso, reflexionar sobre o traballo realizado e tomar novas decisións.

- Para rematar tamén teremos en conta as decisións adoptadas nas reunións trimestrais coa Comisión de Biblioteca.

3. En relación coa formación de usuarios e a adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual competencia dixital)

- No primeiro trimestre realizaranse diversas actividades de formación de usuarios:

- Profesorado: faremos unha formación presencial onde trataremos as normas de organización e funcionamento da biblioteca, a busca no catálogo Meiga, a CDU e a distribución das seccións. O profesorado tamén recibirá unha formación sobre o manexo do material tecnolóxico e dos recursos que se atopan no espazo maker, e para iso contaremos coa axuda do Equipo de Dinamización das TIC. Por último, tamén temos pensado participar un ano máis nas Xornadas e nos Encontros do Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares de Galicia.

- Familias: elaborárase un tríptico para as familias coa información relacionada coa organización, estrutura e recursos da biblioteca.

- Alumnado: en canto á formación do noso alumnado, farase a través de xogos e dun vídeo formativo.

4. En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do proxecto lector de centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción da información)

- Seguiremos organizando a “Hora de Ler” coas bolsas de lectura que viaxarán cada semana a tódalas aulas, co obxectivo de fomentar o amor pola lectura entre o noso alumnado.

- Continuaremos organizando o itinerario lector, para que todo o alumnado poida acceder aos mesmos recursos e fondos.

- Volveremos a enviar unha mochila viaxeira a cada aula para fomentar a lectura en familia.

- Proseguiremos co préstamo semanal para familias (libros, maletas, xogos de mesa e préstamos para adultos) os martes e xoves pola tarde.

- Manteremos o deseño de actividades de animación á lectura, que se incluírán nas diferentes seccións do noso blog da biblioteca.

- Elaboraranse guías de lectura e publicaranse mensualmente as recomendacións lectoras e as novidades para dar a coñecer de xeito máis atractivo os fondos da nosa biblioteca.

5. En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva.

Dende a nosa biblioteca promoveremos a sensibilidade para avanzar cara unha biblioteca máis inclusiva que responda ás necesidades de todo o alumnado do centro.

- Seguiremos fomentando o uso da aula multisensorial, xa que potencia positivamente os sentidos sensoriais do alumnado, facilita a coordinación, favorece as relacións sociais e a integración entre o alumnado.

- Continuaremos mercando fondos adaptados como libros de lingua de signos, con pictogramas, con criterios de lectura fácil ou con imaxes.

- Potenciaremos o uso das mesas de luz sensoriais, xa que axudan ao desenvolvemento das habilidades motrices, cognitivas e lingüísticas.

- E ofreceremos actividades significativas e adaptadas a todo o noso alumnado.

6. Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se van utilizar.

- O noso obxectivo é realizar unha avaliación inicial ao profesorado mediante unha enquisa para saber dende onde debemos partir. Despois de realizar a valoración e a análise dos datos obtidos, saberemos se temos que engadir ou modificar algún dos obxectivos, partindo sempre das liñas prioritarias establecidas.

- Manteremos a realización de reunións mensuais para avaliar os resultados obtidos, detectar necesidades e tomar decisións.

- Realizaremos unha avaliación continua das actividades propostas e valoraremos o noso traballo a través dos diferentes indicadores de avaliación, modificando aqueles aspectos que se consideren necesarios.

- Por último faremos unha avaliación final a través de diferentes enquisas para coñecer o grao de satisfacción de tódolos usuarios do servizo (alumnado, profesorado e familias)

- Os instrumentos de avaliación a empregar serán as enquisas, a detección de puntos débiles e fortes, as táboas de rexistro de actividades, os materiais elaborados e a observación directa.

7. Persoa designada como responsable/dinamizadora da biblioteca escolar. Equipo de apoio. Horario previsto.

Coa finalidade de garantir a estabilidade e o bo funcionamento do servizo, manterase un ano máis á persoa responsable da biblioteca escolar designada pola Dirección en setembro de 2025, que contará cun equipo de apoio que traballará en coordinación con ela para a consecución dos obxectivos previstos e a posta en marcha das actividades organizadas.

Mais convén dicir, que dado que a xestión eficaz da biblioteca escolar supón unha axuda fundamental para o labor de todo o profesorado, será necesaria a colaboración de todos/as tanto para a súa existencia como para o seu bo funcionamento.

A Xefatura de estudos, aproveitando as marxes horarias do cadro de profesorado, preverá as necesidades da biblioteca escolar á hora de elaborar os horarios do mesmo, nos que quedará recollida o horario de participación do equipo de apoio neste servizo, así como as horas de dedicación exclusiva da coordinadora.

A biblioteca escolar estará aberta:

- Para uso do profesorado e do alumnado: tódolos días en horario lectivo de 9:15 a 14:15 horas.

- E para préstamo ás familias: os martes de 16:00 a 17:00 horas e os xoves de 16:45 a 17:45 horas.

En Salceda de Caselas, a 1 de xuño de 2026

O director:



Vº e prace: Damián Varela

A coordinadora da biblioteca:



P.O.

Asdo. Susana González Rodríguez